



**RESOLUCION DA XERENCIA DE XESTION INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE OFERTAN AS PRAZAS VACANTES DO PROCEDEMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.**

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CESM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

A base sexta do devandito Acordo, no que se considera o procedemento de oferta e adxudicación de prazas provisionais, establece que a oferta de vacantes será mensual. Publicarase na primeira quincena de cada mes as vacantes xeradas no mes anterior. Unha vez publicitadas nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Espazo do profesional da EOXI A Coruña, procederase á oferta das mesmas e ulterior adxudicación, conforme ao procedemento descrito, antes do remate da 2ª quincena.

Por todo iso, esta Xerencia de Xestión Integrada,

**RESOLVE**

**Primeiro:** Proceder á oferta das prazas vacantes producidas no **mes de abril de 2017**, segundo establecen as bases reitoras do Acordo de Mobilidade voluntaria provisional no ámbito da estrutura organizativa de xestión integrada da área sanitaria de A Coruña e que figuran no anexo I da presente Resolución.

**Segundo:** A relación de prazas poderá examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada do Hotel de Pacientes, na web do Espazo do profesional desta Estrutura e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital de Cee.

A Coruña, a 15 de maio de 2017

O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 19 de maio de 2017.

O Director de Recursos Humanos da EOXI de A Coruña

Asdo.: Javier Fernández Nistal

**Xerencia de Xestión Integrada  
A Coruña**